

CEIDA

O CEIDA é o centro de referencia para a Educación Ambiental en Galicia: promove a educación ambiental de todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.

Ten a súa sede no Castelo da illa de Santa Cruz (Oleiros, Galicia), declarado Ben de Interese Cultural, un lugar no que conflúen o interese histórico, un entorno natural privilexiado e unha situación xeográfica estratéxica.

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia é o resultado de un convenio de colaboración entre Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.



Información do congreso en:

www.ealusofono.org

secretaria.technica@ealusofono.org

secretaria.cientifica@ealusofono.org



I Congreso Internacional de
Educación Ambiental
dos Países Lusófonos e Galicia
24-27 setembro 2007 Santiago de Compostela



cambio climático
conservación da biodiversidade
sustentabilidade socioambiental



Castelo de Sta. Cruz, s/n · 15179 Liáns – Oleiros

Tfno: 981 630 618 · Fax: 981 614 443

Web: www.ceida.org

Promotores principais



Organizan





I Congreso Internacional de
Educación Ambiental
dos Países Lusófonos e Galicia
24-27 setembro 2007 Santiago de Compostela

É un acontecemento histórico pois por primeira vez profesionais, investigadores e autoridades da Educación Ambiental de todos os países do ámbito cultural e lingüístico lusófono teñen a oportunidade de reunirse para debater a contribución da educación na construción de valores, bases culturais e políticas que sirvan á promoción de sociedades sustentables.

“Un encontro para tecer redes e cooperar”

Antecedentes

Dentro do último Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental (Joinville, Brasil 2006) tivo lugar o I Simposium de EA dos países lusófonos concluíndo a necesidade de contar cun evento propio para todo o mundo lusófono no 2007 correspondéndolle a Galicia a súa organización

¿De que se falará?

O Congreso estará centrado na contribución da Educación Ambiental como elemento de loita fronte ós principais retos ambientais actuais, centrados no **Cambio Climático** e a **Conservación da Biodiversidade**, e na loita contra a crise ambiental desde a óptica da **Sustentabilidade** e a instrumentalización da Cooperación Internacional para este fin.

¿Quen participará?

Agardamos reunir 400 participantes dos distintos actores sociais implicados na Educación Ambiental: autoridades ambientais e educativas; educadores e educadoras ambientais; persoeiros do mundo da cultura e as artes; científicos; líderes sociais e membros de movementos asociativos dos países:

Angola
Brasil
Cabo Verde
Galicia
Guinea Bissau

Mozambique
Portugal
San Tomé e Príncipe
Timor Leste

¿Por que en Galicia?

Galicia é un territorio que forma parte de España, xusto ó Norte de Portugal. Galicia e Portugal compartiron territorio, historia, cultura e tradicións durante un longo período de tempo da súa historia. Nalgún momento as terras de Galicia e Portugal acaban a lados distintos dunha fronteira, aínda que conservan un importante patrimonio e identidade cultural común.

Galicia ten unha lingua propia, o galego, moi semellante ao Portugués debido o seu pasado común pero cunha evolución diferente gardando aínda una gran semellanza oral pero cunha grafía diferente. Así pois, Galicia ten unha identidade lingüística enmarcada na lusofonía.

PROGRAMACIÓN

Luns 24

Xornada Inaugural

10:00 Recepción de participantes e entrega de materiais
16:00 Inauguración
16:30 Diálogo “Políticas de Medio Ambiente”
18:00 Descanso
18:30 Constitución e presentación temática das Áreas de Traballo
20:00 Programación cultural



Organización

A organización do evento está liderada polo CEIDA, a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela xunto cun Comité Organizador formado por representantes dos gobernos e movementos sociais de Angola, Brasil, Cabo Verde, Galicia e Portugal, ao que se xunta a importante colaboración da Universidade de Vigo, a Sociedade Galega de Educación Ambiental, o Club Internacional de Prensa, o Consello da Cultura Galega, NEREA Investiga e diversas administracións públicas de Galicia.

Apoio

O evento conta co soporte económico e técnico de:

- Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación
- Presidencia da Xunta de Galicia
- Vicepresidencia da Xunta de Galicia
- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Innovación e Industria
- Consellería de Cultura e Deporte
- Deputación da Coruña
- Concello de Santiago de Compostela
- Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA)
- Grupo GADISA

Xornadas do Congreso

Martes 25

09:30 Diálogo sobre “O mundo lusófono na globalización”
11:30 Pausa- Café.
12:00 Mesa Redonda sobre “Comunicación e educación sobre Cambio Climático”
14:00 Xantar
16:00 Estado da Educación Ambiental en Brasil, Angola e Timor Leste
17:45 Descanso
18:00 Áreas de Traballo
20:30 Programación cultural

Mércores 26

09:30 Diálogo “Medio ambiente, globalización e alterglobalización”
11:30 Pausa - Café
12:00 Mesa Redonda sobre “Retos educativos na Conservación da Biodiversidade”
14:00 Xantar
16:00 Estado da Educación Ambiental en Galicia, Cabo Verde e Mozambique
17:45 Descanso
18:00 Áreas de Traballo
20:30 Programación cultural

Xoves 27

09:30 Diálogo sobre “As identidades da Educación Ambiental”
11:30 Pausa-Café
12:30 Estado da Educación Ambiental en Portugal, Guinea Bissau, San Tomé e Príncipe
14:00 Xantar
16:00 Diálogo “Sustentabilidade e Cooperación”
18:00 Descanso
18:30 Sesión plenaria final. Prestación de conclusións
20:00 Clausura

“Compartimos cultura, compartimos camiños, compartimos solucións”



benvidos a
SANTIAGO



Santiago de Compostela é a capital administrativa, social e comercial da Comunidade Autónoma de Galicia; unha cidade declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO grazas ao seu carácter multicultural e por ser meta dunha milenaria ruta de peregrinación: o Camiño de Santiago, que dende o século IX transformou esta paraxe do finis terrae en punto de encontro.

A cidade de Santiago ofrece aos seus visitantes museos, a súa riqueza arquitectónica e un patrimonio monumental único.